No prazo de quince días desde a solicitude de inscrición, salvo que este se tivese que interromper pola necesidade de emendar deficiencias na documentación, a Alcaldía decretará a inscrición da entidade no Rexistro e notificaráselle esta resolución, co número de inscrición asignado. Desde ese momento considerarase de alta para todos os efectos.

Artigo 4. Obrigas e dereitos

1.- Sen prexuízo de que todas as entidades poidan exercer diante do concello as accións e dereitos previstos no ordenamento xurídico, as entidades veciñais inscritas no Rexistro municipal de entidades asociativas, despois da correspondente solicitude, poderán exercitar os dereitos recollidos neste artigo:

- a) Usar esporádica ou temporalmente recursos de titularidade municipal, especialmente os espazos e demais instalacións, atendendo á normativa específica e/ou criterios que rexen a súa utilización, tendo que ser estes solicitados por escrito e coa antelación que establezan os servizos correspondentes.
- b) Solicitar subvencións económicas para a realización de proxectos ou actividades que promovan intereses xerais ou sectoriais da veciñanza rianxeira, consonte coas bases e ordenanzas específicas que rexan a convocatoria de subvencións. Para estes efectos, os orzamentos municipais contemplarán a correspondente partida ou partidas orzamentarias.
- c) Recibir, pola vía máis axeitada, información municipal, así como aquela outra información doutras administracións sobre actividades, convocatorias, etc., que sexan de interese para a entidade.
- d) Recibir as publicacións periódicas ou non, que edite o concello, sempre que resulten de interese para a entidade, atendendo ao seu obxecto social.
- e) Participar nos medios de comunicación de titularidade municipal consonte coa normativa específica ou criterio de uso do medio.

2.- O exercicio dos dereitos recoñecidos nos puntos a e b terá que ser compatíbel cos obxectivos fixados nos programas de actuación municipal e cos límites que se deriven da facenda municipal.

3.- Ademais, e sen prexuízo do dereito xeral de acceso á información municipal recoñecido á veciñanza en xeral, as entidades rexistradas, sempre que o soliciten expresamente, terán dereito a recibir as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebran sesións públicas cando na orde do día figuren cuestións relacionadas co obxecto social da entidade e/ou deba terse presente ao movemento asociativo. Nos mesmos supostos recibirán as resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais.

4.- Obrigas das entidades rexistradas:

a) Notificar ao concello calquera modificación dos datos incluídos na documentación que servise de base para a inscrición, dentro do mes seguinte ao da data en que dita modificación se producise.

b) Garantir o funcionamento democrático e respectuoso coa legalidade da entidade e promover a convivencia e o respecto entre as persoas.

c) No ámbito dos seus fins e obxectivos, colaborar co concello para conseguir unha mellor prestación dos servizos municipais en beneficio da veciñanza e do interese xeral.

d) Facilitar a actuación municipal en todo o relativo á inspección, fiscalización e seguimento dos asuntos relacionados co ámbito de competencias do concello.

e) Procurar o coidado e respecto das instalacións e recursos cedidos para o desenvolvemento das súas actividades e fins.

f) Facer unha xestión transparente en todos os casos, e mais especialmente no caso en que xestionen recursos públicos, ben en forma de subvencións, infraestruturas, locais ou outros servizos.

g) Promover a igualdade de xénero, en todos os ámbitos de actuación: imaxe e comunicación, órganos de dirección e goberno, xestión, toma de decisións, organización de actividades, oferta de servizos, etc.

h) Promover o uso da lingua galega en todas as súas actividades, publicidade, relacións coas persoas asociadas e coa cidadanía en xeral.

O Concello comprométese a facilitar o exercicio dos dereitos recoñecidos ás entidades neste Regulamento, a respectar a autonomía das entidades, a incentivar a formación dos seus membros en materias de interese asociativo e a achegar, na medida das súas posibilidades, asesoramento e recursos útiles para o conxunto do tecido asociativo.

Artigo 5. Actualización dos datos das entidades asociativas

Sen prexuízo do previsto no artigo 4 punto a) para os efectos de validación dos datos de inscrición, as entidades inscritas no Rexistro están obrigadas a presentar, no primeiro mes do ano, un informe de actualización dos seguintes datos:

- a) Modificacións nos estatutos
- b) Modificacións dos membros da xunta directiva
- c) Modificacións no domicilio social ou enderezo
- d) Variacións no nº de persoas asociadas

Artigo 6. Cancelación da inscrición no Rexistro municipal de entidades asociativas.

Serán causa da cancelación da inscrición:

- a) A disolución da asociación por calquera causa.

- b) A falta de actividade.
- c) O incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 4 e 5 deste regulamento.
- d) A perda dalgunha das condicións para ser inscrita (artigo2).

A proposta de cancelación será notificada á entidade co obxecto de que nun prazo de quince días poida formular as alegacións que estime. Á vista das alegacións presentadas adoptarase a resolución definitiva confirmando ou paralizando o expediente de cancelación.

Artigo 7. Actualización anual do Rexistro municipal de entidades asociativas do Concello de Rianxo

Anualmente actualízase o arquivo de entidades asociativas do Concello de Rianxo, que incluírá, ademais dos datos xerais das entidades, as subvencións municipais que recibisen e o seu destino.

- a) As asociacións poderán solicitar copia dos datos actualizados.
- b) Os órganos, departamentos municipais e grupos políticos con representación na corporación tamén poderán solicitar copia.
- c) O rexistro actualizado de asociacións e entidades será único, dependerá da Secretaría do concello e os seus datos serán públicos, coas restricións derivadas da lexislación relativa á protección de datos.
- d) A documentación e datos actualizados contidos no Rexistro Municipal de Asociacións terán plena validez administrativa para os efectos das relacións das entidades asociativas e o Concello de Rianxo: solicitudes de calquera asunto ou materia, xestión de subvencións, xustificación da percepción de subvencións, uso de espazos e equipamentos.

Capítulo II.- A declaración de interese público

Artigo 8. Tipo de entidades que poden solicitar esta declaración

As entidades inscritas no Rexistro municipal de entidades asociativas que teñan como obxectivo social a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas, de xeito complementario á propia actividade municipal, e que realicen as súas actividades en relación con algún dos ámbitos de actuación municipal, poderán ser declaradas de Interese Público Municipal

Non poderán acollerse a esta declaración aquelas asociacións que incumpran calquera dos requisitos establecidos neste regulamento no referido á vixencia da inscrición.

Artigo 9. Solicitud

A solicitude de recoñecemento de utilidade pública municipal poderá facerse de oficio a petición de calquera grupo político presente na Corporación, ou a instancia da propia entidade. En todo caso o recoñecemento de utilidade pública requirirá a súa aceptación pola asemblea xeral da entidade.

Artigo 10. Documentación que deberán presentar

A instancia ou petición de declaración de utilidade pública iníciase con petición razoada dirixida á alcaldía e xuntando a seguinte documentación:

- a) Instancia dirixida ao alcalde ou alcaldesa, solicitando e motivando a inscrición.
- b) Cando sexa a propia entidade a que inste a declaración de interese público municipal, copia ou certificación da acta da asemblea na que se acorda realizar a solicitude.

c) Memoria de actividades, convenios, concertos ou actuacións similares en colaboración co concello ou con outras administracións, e que se estableceran nos últimos tres anos.

d) Informe do Rexistro municipal de entidades asociativas, cos datos actualizados da entidade solicitante.

Artigo 11. Procedemento

Reunida a documentación, esta someterase a ditame da Comisión Informativa de Participación Cidadá. Esta comisión, antes de ditaminar, solicitará informes ás áreas e departamentos que poidan ter relación coa actividade e obxectivos da entidade solicitante.

Cando a solicitude se realice a instancia de entidade distinta á propia asociación, o recoñecemento de interese público municipal requirirá a súa aceptación pola asemblea da asociación.

Ditaminada favorablemente a solicitude pola Comisión Informativa de Participación Cidadá esta someterase á consideración do Pleno da Corporación. O informe da comisión irá acompañado dos informes emitidos polos departamentos e áreas municipais afectadas e pola certificación de aceptación da Asemblea da Asociación afectada.

Artigo 12. Criterios

Os criterios fundamentais de valoración para a declaración de utilidade pública municipal serán os seguintes:

a) Interese xeral da entidade no ámbito do termo municipal de Rianxo. O interese estará referido á amplitude de obxectivos e programas de actuación, ao valor, interese e demanda social destes obxectivos e programas, e á complementariedade do traballo da entidade coa actuación do concello.

b) Obxecto social da entidade e actividades realizadas a prol deste municipio. Por interese social entenderanse os obxectivos e actuacións dirixidas a intervir en ámbitos ou segmentos sociais en situación risco, vulnerabilidade ou marxinalidade.

c) Ámbito de poboación afectado polas actividades da entidade, e grao de participación da cidadanía nas mesmas.

Artigo 13. Publicidade

Cando o Pleno da corporación a declare de utilidade pública, inscribírase esta no Rexistro municipal de entidades asociativas, publicarase nos boletíns oficiais, taboleiros de anuncios e medios de comunicación.

Artigo 14. Dereitos

Cando unha entidade sexa declarada de utilidade pública municipal terá os seguintes dereitos:

a) A usar este título en todos os documentos a continuación do nome da entidade.

b) A poder acceder ás axudas económicas establecidas e ao uso dos recursos municipais dispoñibles para o desenvolvemento das súas actividades.

c) A usar de xeito continuado os locais e outras instalacións de titularidade municipal mediante convenio sempre e cando haxa locais ou instalacións dispoñíbeis e estea xustificada esta cesión polo volume, interese e impacto social da actividade desenvolvida pola entidade

d) A gozar dos beneficios fiscais que a lexislación vixente recoñece a este tipo de entidades, de acordo co Título Primeiro da Lei Xeral Tributaria, e que figuren nas ordenanzas municipais.

Artigo 15. Obrigas

As entidades cidadás declaradas de utilidade pública municipal deberán presentar, no primeiro trimestre de cada ano, a memoria das actividades realizadas no último ano, así como o programa de actividades para o ano en curso.

Deberán tamén emitir os informes de asuntos da súa competencia cando lles sexan solicitados polo concello.

Artigo 16. Convenio de colaboración

As relacións de colaboración entre o concello e as entidades asociativas declaradas de interese público municipal tomará a forma de convenio de colaboración, que vinculará ás entidades e ao concello.

O convenio regulará cando menos:

- 1.- A utilización de recursos municipais.
- 2.- O réxime de colaboración económica.
- 3.- Os servizos e actividades que poderán desenvolver as entidades.
- 4.- A forma de avaliación do convenio.
- 5.- A duración do convenio e a súa extinción.

Artigo 17. Vixencia do recoñecemento municipal

Unha vez acordado por decreto da alcaldía a condición de interese público municipal, quedará inscrito dito recoñecemento no Rexistro municipal de entidades e asociacións.

Esta condición perderase cando deixe de cumprirse calquera dos requisitos esixidos para permaneceren inscritas en dito rexistro, logo da audiencia da interesada. Se posteriormente se pretende adquirir de novo dita condición, a entidade interesada deberá iniciar o proceso dende o principio.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2. LBRL, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 22/01/2018, sendo este favorable.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a **proposta** nos termos desta.

7. APROBACIÓN PROXECTO AMPLIACIÓN DA EDAR DE RIANXO E COLECTOR INTERCEPTOR E TANQUE DE TORMENTAS

Con data 21 de setembro de 2017 o concello de Rianxo asina o convenio colaborador coa entidade pública empresarial Augas de Galicia para a execución das actuacións de mellora dos sistemas de saneamento e depuración na Ría de Arousa. Aglomeración de Rianxo. Concello de Rianxo (A Coruña),

cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nun 80%, no Marco do Programa Operativo FEDER GALICIA 2014-2020.

Con data 22 de setembro RE Nº ten entrada escrito de Augas de Galicia solicitando certificado do pleno de a conformidade dos proxecto e así como o compromiso de recibir as obras como titular das mesmas e asumir a súa posta en servizo , explotación ,mantemento e conservación .

Publícase no BOP nº 211 de data 7 de novembro de 2017 a exposición pública polo prazo de trinta días o Anteproxecto de ampliación de EDAR de Rianxo Clave OH 315.1106 e o Proxecto de colector interceptor e tanque de tormentas en Rianxo clave OH 315.1107.

Consta no expediente certificado de non haber presentado alegacións durante dito prazo

A arquitecta de asistencia técnica municipal emite informes con data 26 de decembro de 2017.

E a secretaria municipal con data 15 de xaneiro de 2018

DENOMINACIÓN INVERSIÓN	IMPORTE €
<ul style="list-style-type: none">Anteproxecto de ampliación da Edar de Rianxo, Termo municipal de Rianxo. Xuño 2016. Clave OH315.1106.	7.506.342,69
<ul style="list-style-type: none">Proxecto de colector interceptor de tanque de tormentas en Rianxo	6.500.334,67

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º ñ) da Lei de Bases de Réxime Local para aprobar os proxectos .

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Dar a conformidade os proxectos das obras remitidos por Augas de Galicia con R.E.Nº 5324 de 10 de agosto de 2017 :

- Anteproxecto de ampliación da Edar de Rianxo, Termo municipal de Rianxo. Xuño 2016. Clave OH315.1106. Cun orzamento de 7.506.342,69€. Debendo remitir con posterioridade o concello un proxecto no cal se xustificarán os prezos descompostos e un orzamento formado por un estado de medicións de elementos descompostos.
- Proxecto de colector interceptor de tanque de tormentas en Rianxo. A Coruña CLAVE0H315.1107. Cun orzamento de 6.500.334,67 €

SEGUNDO

Comprometéndose o Concello de Rianxo a recibir as obras como titular das mesmas e asumir a súa posta en servizo, explotación, mantemento e conservación das mesmas

TERCEIRO

O concello pon a disposición os terreos municipais afectados polas obras indicando que debe formalizarse o convenio con Portos de Galicia autorizando as obras dado que as obras de ampliación da Edar de Rianxo transcorren por terreos titularidade de Portos de Galicia .

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS, do día 22/01/2018, sendo este favorable.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

8. MOCIÓN PARA IMPULSAR POLÍTICAS DE BENESTAR ANIMAL E CONVIVENCIA

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.

A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que, como LIBERA! Advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.

Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta aos Concellos, coloca aos gobernos locais nunha situación complexa, que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidosas, como o “sacrificio cero” ou a prohibición de encadeamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega.

Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a un Concello máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote ao noso Concello de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías.

A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para a cal non se consignan suficientes recursos.

E por iso que propomos:

1. Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo de Rianxo en Común), cero votos en contra e 4 abstencións (dos 4 membros do grupo P) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

9. MOCIÓN DE RIANXO EN COMÚN PARA ELABORACIÓN PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS E DA ORDENANZA DE LIMPEZA

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros

presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois dos incendios de mediados do mes de outubro e das perdas en vidas humanas, económicas e ambientais que provocaron, presentábase no pasado pleno unha moción que tiña como motivación principal a constitución do consello forestal municipal. Con esta proposta pretendíamos que fose a poboación en xeral, e os sectores implicados en particular, os que contribuísen a vehicular a necesidade de cumprir coas prescricións legais na actividade forestal.

Pretendíamos tamén que fosen estes mesmos axentes os que impulsasen cambios nas prácticas de xestión dos montes do noso concello, cambio sen o cal non se poderá garantir unha seguridade duradeira.

Volvemos neste pleno sobre o asunto con unha dobre finalidade, a primeira que aquel impulso inicial de acción provocado polos feitos estarrecedores aludidos, non se perda como consecuencia do paso do tempo, e a segunda, dotarnos de ferramentas que establezan, para o eido do que falamos, que significa exactamente cumprir coa legalidade no caso de Rianxo, a través do plan municipal de prevención e defensa contra incendios, e da ordenanza posterior.

O plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais regúlase nos artigos 1.. e 1 da Lei 1/2007. As súas características principais son:

- A súa estrutura será a establecida por unha Orden da Consellería de Medio Rural (art. 1.2).
- Débese integrar dentro do PLADIGA, dos Plans de Distrito e do Plan de Emerxencias Municipais (art. 1.1).
- Debe ser redactado por un titulado universitario forestal (art. 1.1). Os obxectivos básicos dos plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais son:
 - Descrición da situación actual do concello.
 - Catálogo dos medios e recursos de prevención e defensa contra os incendios forestais.
 - Procedemento en caso de emerxencia.
 - Regulación dos usos e aproveitamentos de risco.
 - Programación de traballos preventivos.

Este plan deberá dar lugar a unha ordenanza para ter carácter normativo, pero aínda así é unha opinión estendida, opinión que compartimos, de que será unha ordenanza que presentará dificultades, tanto administrativas como económicas no seu cumprimento. Haberá predios dos que non se coñeza o titular e que requiriran todo un custoso, en tódolos sentidos, traballo administrativo, e haberá predios nos que as tarefas de limpeza sobrepasen non só o valor do seu produto senón o seu propio valor. Estaríamos abocados polo tanto a que para manter a seguridade dos núcleos o concello teña que realizar unha importante cantidade de traballo en predios de titularidade privada, traballos para os cales deberá recibir as correspondentes achegas económicas.

Ao igual se sinalamos no pleno pasado, entendemos que a aplicación destas medidas supoñen un alto custo administrativo e económico para o concello, porén, pensamos que se fai necesaria a súa implantación para garantir a seguridade de todos os veciños e veciñas.

Do que sinalado nos últimos parágrafos conclúese o que dicimos máis arriba, dificilmente se logrará unha seguridade duradeira sen un cambio de modelo, que está lonxe das nosas posibilidades. Aínda así consideramos importante someter a consideración do pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Elaborar o Plan Municipal de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais
2. Elaborar a ordenanza de limpeza de predios para a prevención e defensa contra incendios forestais
3. Compartir e consensuar as medidas e normativa adoptada coas Comunidades de montes do Concello e entidades veciñais relacionadas co sector forestal (no caso de non estar constituído o Consello Forestal e de Desenvolvemento Rural, neste caso presentarase directamente aquí).
4. Solicitar da Xunta de Galicia axuda económica para a elaboración do plan, e para o cumprimento da ordenanza no relativo ós traballos de limpeza que por distintos motivos teña que realizar o concello en terreos privados e non teñan retorno económico por parte dos seus propietarios.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

10. ROGOS E PREGUNTAS

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, votar o rogo como proposta de acordo.

EXPOSICIÓN DA COFRADIA DE PESCADORES DE RIANXO AO PLENO

AOS GRUPOS POLÍTICOS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO PARA PRESENTACIÓN E DEBATE EN PLENO

O Patrón Maior da cofradia de pescadores de Rianxo e unha representante a Asociación Aspromeri defende a proposta

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sobre a importancia do sector do mar de Arousa na economía local

O sector primario do mar de Arousa é estratéxico na economía local, polo emprego directo que xera; mariscadoras a pé, bateiros, mariñeiros, mariscadores a flote, etc. constitúen un amplísimo colectivo que ten o seu medio de vida no mar. Este sector xera empregos estables, tamén en épocas de crise, en comparación con outras actividades xa que este sector resiste mellor os vaivéns do ciclo económico, como se veu demostrando nos últimos anos. En cifras, este sector representa o 1,33% da produción total da economía galega, achega o 33% do valor engadido xerado no conxunto do sector a nivel galego e dá traballo, directo ou indirecto, a miles de familias.

No ano 2016, traballan na ría o 44% das mariscadores/es a pé, mais do 41% das embarcacións de artes menores e o 68,7% das bateas de mexillón de Galicia. Nas lonxas arousáns poxáronse 38.329.584 kg de produtos da pesca e do marisqueo que se traduciron en 91.301.357 euros. E nas augas de Arousa colleitáronse 174.497.538 kg de mexillón (máis 70% do mexillón producido en Galicia), cun valor de 77.999.843 euros.

A frota pesqueira de Arousa está composta por 1.709 buques de pesca e 842 auxiliares de pesca e acuicultura, respectivamente o 38,6% e o 69,9% do total de Galicia

De feito o sector primario do mar en Arousa é un sector estratéxico na economía dos nosos pobos e vilas pola riqueza e emprego que induce ademais en diversas actividades en terra:

- empresas destinatarias dos nosos produtos (depuradoras de moluscos, cocedoiros,

conserveiras, centros de conxelación e pasteurización, procesadores, comercializadores)

- empresas proveedoras de servizos e subministracións (estaleiros, cordoarías, carpintaría, montaxes e maquinaria)
- actividades auxiliares e de apoio, como transportes, centros de investigación, formación e control do medio mariño, etc.

A importancia económica derivada do sector primario do mar aousán únese o valor social que adquire nos municipios costeiros, onde irradia beneficios socioeconómicos entre amplas capas da poboación, converténdose nun importantísimo mecanismo de distribución e reparto de riqueza no entorno local que incentiva a implantación de actividades e pequenos negocios.

Asemade, este conxunto de actividades do mar teñen un importante valor dende o punto de vista etnográfico e gastronómico, o que aporta trazos de identidade propia e de diferenciación a través da calidade do local que son aproveitados por un dos sectores que actualmente presenta un maior desenvolvemento económico, o turismo. Así, o turismo en Arousa susténtase sobre catro piares: a calidade das augas e dos produtos que saen delas, a singularidade etnográfica ligada ao mar, a beleza da paisaxe costeira e unha gastronomía que ten como emblema os produtos do mar locais.

Este forte vencello entre as actividades primarias e o entorno onde se desenvolve singulariza a paisaxe da ría de Arousa que é única, coa actividade das bateas, as embarcacións de pesca artesanal e o marisqueo. Todos eles producindo peixes e mariscos de calidade, aos que os consumidores outorgan ala estima e prestixio. Todo elo suma e atrae cada ano a un número maior de tursitas que sustentan un volume crecente de negocios, grandes e pequenos nas localidades aousáns.

Pero todo isto pode verse en risco se se compromete a calidade das augas da ría; tamén augas arriba as do río Ulla, o máis cadaloso e longo dos que alimentan a ría de Arousa.

Sobre a importancia ambiental do Rio Ulla e da ría de Arousa.

A riqueza pesqueira e mariñeira que se resaltou na primeira exposición de motivos deste documento descansa sobre a riqueza ambiental existente na ría de Arousa e os ríos que nela desembocan, onde a saúde do río Ulla ten un papel fundamental, xa que alimenta dun xeito moi importante de sedimentos e nutrientes á ría

Esta riqueza ambiental está amplamente recoñecida non so por publicacións científicas, senón pola propia lexislación ambiental. A ese respecto cabe destacar a declaración de varios Espazos protexidos, como son:

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

(declarado o 1 xullo de 2002, mediante a leí 15/2002). Este parque inclúe 4 arquipélagos e o rnar que os rodea, entre os que se atopa o de Cortegada, na desembocadura do río Ulla, e a illa de Salvora, na zona exterior da ría de Arousa.

Este Parque Nacional, (unha das figuras de protección máis restritivas que se poden aplicar sobre un espzo natural) declarouse polas especial riqueza ambiental dos seus fondos mariños e debe velar pola súa conservación.

A Zona de Especial Conservación Ulla-Deza

(declarado o 31 de marzo de 2014, polo Decreto 37/2014) que protexe a maior parte do río Ulla ata Rianxo. Dito río ten gran importancia ambiental onde destaca a presenza de peixes como lamprea e

salmón, especies moi sensibles á contaminación das augas.

Así mesmo a ría de Arousa, xa na parte exterior acolle o ZEC Ons-O Grove e o Parque Natural do complexo duna de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán, Que ten zona mariña dentro da súa superficie protexida.

A ría de Arousa é unha unidade ecolóxica que non se pode desligar dos ríos que a alimentan, e os 4 espazos protexidos que esta ría acolle é un bo indicador da inmensa riqueza ambiental que posúe e que por lei debe ser amparada.

A administración debe velar pola conservación dos espazos protexidos da ría de Arousa. A reactivación da mina de Touro aumentará a drenaxe de contaminantes hacia a cunca do Ulla, afectando irremisiblemente á riqueza ambiental da ría, e consecuentemente á riqueza económica que sustenta.

Sobre o proxecto de explotación da mina de cobre San Rafael sita nos concellos de Touro e o Pino.

O pasado 25 de agosto saíu a exposición pública o proxecto da explotación mineira de cobre San Rafael, nº 2946, sita nos concellos de Touro e O pino, na canle media do río Ulla.

Este xacemento foi anteriormente explotado entre 1970 e 1986; a partir desta data abandonouse a explotación deste mineral deixando unha grande superficie cuberta por entullos, balsas de lodos, etc. Trinta e un anos despois aínda non se restauraron todas as superficies afectadas.

Isto provocou no entorno unha forte contaminación dos solos e das augas, tanto das superficiais como das soterradas. Augas de drenaxe hiperacelas con concentracións altas de metais que contaminaron varios afluentes do río Ulla. A contaminación actual do estuario do río ten unha relación directa con esta mina.

Agora queren reactivar e ampliar esta concesión, coa participación do grupo multinacional Atalaya Mining, como consecuencia dos altos prezos do cobre estimulados pola demanda do mercado.

Inicialmente van a actuar durante dezaseis anos e medio sobre 689,65 hectáreas das 1.827 que ocupa a concesión, en dez ocos mineiros a ceo aberto dos que se prevé extraer 267,1 millóns de toneladas de materiais; 102,74 millóns de toneladas de mineral de cobre. Para extraer os materiais realizarán 6 voaduras diarias (cada unha con entre 9 e 16 toneladas de explosivos) o que producirá microterremotos que afectarán á estabilidade dos diques de contención das balsas de lodos.

O proxecto estima que durante os tres primeiros anos vanse verter ata mil millóns de litros anuais de augas que, despois de ser utilizada no tratamento químico necesario para precipitar os metais, será vertida ao Dominio Público Hidráulico.

Os lodos do proceso almacenaranse en dúas balsas: (i) unha auxiliar cunha capacidade de almacenamento de 34 millóns de toneladas estará contida por un muro de mais de 3 km de lonxitude e unha altura de ata 81 metros, e (ii) unha balsa permanente formada entre as cortas de Arindeiro e Viveiro (chamada lagoa de Arindeiro e Vieiro) cunha capacidade de almacenamento de 69 millóns de toneladas estará contida por un muro de case 3 km de lonxitude e unha altura de entre 55 e 74m.

Debido a que estes son os residuos máis perigosos, por ser xeradores de drenaxes acedas mobilizadoras de metais, está previsto almacenalos en depósitos impermeabilizados mediante xeomembrana PEAD e xeotéxtil. Estas balsas, que conterán a maiores os restos non degradados dos compostos químicos empregados na separación do cobre (algún sospeitoso de causar cancro), van ocupar unha superficie total de 269 hectáreas, o que nos dá idea do enorme volume de residuos perigosos almacenados.

Ademais se proxecta unha entulleira de estériles potencialmente xeradores de ácidos cunha capacidade de 58 millóns de toneladas que ocupará unha superficie de 484.000 m², e diversas entulleiras para os estériles non inertes con menor capacidade de mobilización de metais.

Ante os previsibles efectos prexudiciais que todos estes materiais van ter na calidade das augas dos afluentes do río Ulla, a empresa prevé o impermeabilizado e clausura destes materiais ao final do proxecto, sen ter en conta que os impermeabilizantes degrádanse e caducan co tempo polo que se verá incrementada a contaminación das augas proporcionalmente ao volume de residuos perigosos almacenados.

Por todo o expresado anteriormente, a empresa non garante dabondo que os metais tóxicos, os reactivos das augas do proceso, os lixiviados das cortas e das entulleiras non vaian afectar ás augas e sedimentos do río Ulla.

Os concellos situados río abaixo da mina poden verse afectados pola contaminación das augas do río nas captacións de auga potable.

A experiencia previa constatou o importante dano ambiental que esta explotación mineira orixinou e segue orixinando na cunca do principal río que desemboca na ría de Arousa. De feito na actualidade o rego de Pucheiros -afluente do Ulla- tras estar en contacto coa zona de explotación abandonada amosa niveis de cadmio e de mercurio moi superiores aos máximos legais permitidos.

A execución deste novo macro-proxecto de explotación mineira na cunca do Ulla pon en risco a principal área de produción de moluscos de UE, e ría de Arousa' Por tanto as administracións deberían aplicar o "principio de precaución" para protexer as actividades de pesca" marisqueo e cultivo de mexillón que se realizan nesta ría.

A execución deste macro-proxecto tamén pon en risco as captacións de auga potable de concellos de Vedra, Boqueixón, Teo, Padrón, Dodro, Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal, Ribeira, Pontecesures, Valga, Catoira e Vilagarcía de Arousa.

A execución deste macro-proxecto tamén pon en risco os valores naturais protexidos como o ZEC Sistema fluvial Ulla-Deza, as especies ameazadas (nomeadamente o mexillón de río, Margaritifera margaritifera e a toupa de río, Galemys pyrenaicus) e o Humidal Ramsar Complexo intermareal Umia-Grove-Carreirón.

Por todo isto, os distintos sectores do mar de Arousa temos solicitado á Consellería do Mar e á Consellería de Economía, Emprego e industria a retirada do proxecto de explotación da mina de San Rafael de Touro-o pino e

proponemos que o Pleno Municipal acorde

1.- Instar ás Consellerías do Mar e de Economía, Emprego e industria que se desestime a autorización administrativa á actualización do proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental da concesión de explotación San Rafael, nº 2946, ditando así mesmo unha declaración ambiental desfavorable en virtude dos efectos negativos Para o medio ambiente e a incompatibilidade do proxecto coa debida protección das augas da cunca e da desembocadura do Ulla, dos espazos naturais deste sistema fluvial coas captacións de auga potable de numerosos concellos, coa riqueza pesqueira e marisqueira da ría de Arousa e en concreto coas áreas de produción de moluscos bivalvos ESO14PEAEGAL-19, ESO14PEAEGAL-18/02 e ESO1429.5

2.- Instar á Xunta de Galicia para que se promova unha completa restauración da antiga explotación mineira de Touro, eliminando os focos de contaminación mineira de metais pesados para como mínimo asegurar que esta explotación non compromete a calidade

ambiental do río Ulla e da ría de Arousa

3.- Remitir o texto do acordo acadado polo pleno municipal a PLATAFORMA EN DEFENSA DA RÍA DE AROUSA (PDRA), Avda. Dr. Tourón nº 44 -entrechán, C.P.36600, correo-electrónico pdrarousa@gmail.com.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

Ás 21:23 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

As intervencións desta sesión están incorporadas a unha acta multimedia no expediente electrónico con número 2018/G010/000001 e identificado pola pegada dixital:

-1963733533

O vídeo gravado na sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible publicamente na seguinte URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=XXXXXXXXXX>

Rianxo, mércores 31 de xaneiro de 2018

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez